



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 16 DE FEBREIRO DE 2024

PRESIDENTE:
PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:
JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE
ISMAEL DURAN BEREIJO
MARIA JOSE PERNAS DIAZ (incorpórase á sesión sendo as 13:47 horas)
LUCIA PICOS ANEIROS

SECRETARIA:
ANA VELO RUIZ

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:45 horas do día 16 de febreiro de 2024, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 02.02.2024

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 02.02.2024 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. LICENZA DE PARCELACIÓN 2023/U018/000007

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 13.02.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 16.02.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: LICENZA DE PARCELACIÓN 2023/U018/000007

OBXECTO:	Parcelación urbanística, parcelas	Lugar de
PROMOTOR/A:		
<u>CONSIDERACIONS URBANISTICAS:</u>		



CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:	Solo urbano de baixa densidade de grao 2.
REFERENCIA CATASTRAL:	
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:	Proxecto modificado - 2, “Agrupación de fincas e segregación”, de xaneiro 2024 e redactado por Carolina Freire Díaz, Arquitecta Técnica, colexiado COATAC 1.462.
AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:	Resolución de autorización do Servizo Provincial Da Axencia Galega de infraestruturas de a Coruña de Data 05.08.2022 (Expte:IF204A/AC/2022/0937)
CESIÓN DE VIAIS:	Documento asinado con data 31.01.2024 (431 m ²)
CONDICIONADO: (segundo o informe técnico de data 29.01.2024)	- Cumprirase o condicionado da/s autorización/s sectoriais.

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico por parte do Arquitecto Técnico Municipal en data 29.01.2024.
- Visto o informe xurídico da Técnico de Administración Xeral de data 08.02.2024.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo :

1º) Conceder a D. _____ a licenza de parcelación urbanística solicitada, incorporando como anexo a copia certificada do plano parcelario correspondente e das fichas descritivas dos lotes resultantes.


A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 29.01.2024

2º) Dilixenciar o proxecto e planos obxecto desta licenza.

3º) Notificar o presente acordo á persoa interesada.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.

ANEXO



FIRMADO POR Ana Velo Ruíz (FECHA: 19/02/2024 12:58:00) , Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 20/02/2024 09:55:00)

Versión imprimible

CVD: C5L3WSzka5X4k+Zj7tJJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



Proyecto modificado 2

FICHA

PARCELA 1	
Superficie bruta	702 m ²
Superficie neta	579 m ²
Linderos	Norte: camino Sur: parcela 5 de esta segregación Este: parcela 5124 (parcela 2 de esta segregación) Oeste: camino
Referencia catastral	
Calificación urbanística	Suelo urbano de edificación residencial de baja densidad grado 2
Frente parcela	42,06 m
Tipo de parcela	Parcela edificada (vivienda unifamiliar y hórreo)
Cesiones al ayuntamiento	123 m ²



Proyecto modificado 2

FICHA

PARCELA 2	
Superficie bruta	839 m ²
Superficie neta	779 m ²
Linderos	Norte: carretera y camino Sur: pc Este: p Oeste:
Referencia catastral	
Calificación urbanística	Suelo urbano de edificación residencial de baja densidad grado 2
Frente parcela	21,50 m
Tipo de parcela	Parcela edificada (vivienda unifamiliar y anexos)
Cesiones al ayuntamiento	60 m ²



FICHA

PARCELA 3	
Superficie bruta	916 m ²
Superficie neta	870 m ²
Linderos	Norte: carretera Sur: pc Este: p Oeste:
Calificación urbanística	Suelo urbano de edificación residencial de baja densidad grado 2
Frente parcela	18,47 m
Tipo de parcela	Parcela libre de edificaciones
Cesiones al ayuntamiento	46 m ²



FICHA

PARCELA 4	
Superficie bruta	817 m ²
Superficie neta	771 m ²
Linderos	Norte: carretera Sur: pc Este: p Oeste:
Calificación urbanística	Suelo urbano de edificación residencial de baja densidad grado 2
Frente parcela	18,29 m
Tipo de parcela	Parcela libre de edificaciones
Cesiones al ayuntamiento	46 m ²



FICHA

PARCELA 5	
Superficie bruta	1010 m ²
Superficie neta	862 m ²
Linderos	Norte: Sur: camino Este: Oeste: camino
Calificación urbanística	Suelo urbano de edificación residencial de baja densidad grado 2
Frente parcela	52,51 m
Tipo de parcela	Parcela libre de edificaciones
Cesiones al ayuntamiento	148 m ²



FICHA

PARCELA 6	
Superficie bruta	957 m ²
Superficie neta	868 m ²
Linderos	Norte: Sur: cc Este: p Oeste:
Calificación urbanística	Suelo urbano de edificación residencial de baja densidad grado 2
Frente parcela	42,30 m
Tipo de parcela	Parcela libre de edificaciónes
Cesiones al ayuntamiento	8 m ²
Afecciones sectoriales	El frente de la parcela se encuentra dentro de la zona de afección de la carretera autonómica AC-566.
Observaciones	La superficie neta de la parcela es el resultado de descontarle a su superficie bruta la superficie de cesión al vial de titularidad municipal y la superficie comprendida entre la línea de servidumbre y la línea que delimita el dominio público de la carretera AC-566. La superficie neta de la parcela así obtenida (868 m ²) queda condicionada a que el cierre de su frente se ejecute conforme a lo establecido en el artículo 135 b) del Reglamento General de Carreteras de Galicia (Decreto 66/2016 de 26 de mayo).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



3. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. SOLICITUDE: 202399900002283 (03/11/2023)

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 15.02.2024, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS.

Solicitude: 202399900002283 (03/11/2023)

ANTECEDENTES

Datos ben inmoible:

Enderezo: C/

Ref catastral

Nº fixo recibo: 253000723553

Primeiro. Se presenta solicitude por para a anulación do recibo da taxa pola recollida de residuos correspondente ao exercicio 2023 por venda do inmoible en febreiro de 2022.

A estes efectos achega copia da escritura de compravenda do inmoible de data 14 de febreiro de 2022.

Segundo. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmoibles así como os do recibo correspondente ao exercicio 2023 mencionado na solicitude que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 335/2019 de 26 de xuño, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 246 de data 28 de decembro de 2011 na súa última versión, aplicable dende o 01.01.2016

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en



vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible a 1 de xaneiro de 2023 segundo o Catastro son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

Os datos que constan no Sistema Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña para o exercizo 2023 non coinciden cos anteriores, figurando como suxeito pasivo e contribuínte o solicitante.

VII. Anulación

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercizo 2023 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REFERENCIA CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000723553					2023	71,50 €

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular o seguinte recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REFERENCIA CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000723553					2023	71,50 €

**SEGUNDO.** Aprobar a seguinte liquidación:

Nº FIXO	ID. VALOR	REFERENCIA CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
25300072355 3					2023	65,00 €

TERCEIRO. Comunicar estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

4. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. SOLICITUDE: 20240000000415 (06/02/2024)

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 15.02.2024, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS.

Solicitud: 20240000000415 (06/02/2024)

ANTECEDENTES**Datos ben inmovible:**

Enderezo: L1

Ref catastral

Nº fixo recibo: 253000644739

Primeiro. Se presenta solicitude por _____ para a anulación dos recibos da taxa pola recollida de residuos correspondente aos exercicios 2022 e 2023 por compra do inmovible en decembro de 2021.

Segundo. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmóveis así como os dos recibos correspondentes aos exercicios 2022 e 2023 mencionados na solicitude que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO**I. Competencia**

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 335/2019 de 26 de xuño, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.



II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 246 de data 28 de decembro de 2011 na súa última versión, aplicable dende o 01.01.2016

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible a 1 de xaneiro de 2022, e 2023 segundo o Catastro son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

Os datos que constan no Sistema Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña para os exercizos 2022 e 2023 non coinciden cos anteriores, figurando como suxeito pasivo e contribuínte

VII. Anulación

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos correspondentes aos exercizos 2022 e 2023 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:



Nº FIXO	ID. VALOR	REFERENCIA CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000644739	20223515022RL01R002609				2022	56,41€
253000644739	20233515022RL01R001680				2023	49,35€

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular os seguinte recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REFERENCIA CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000644739	20223515022RL01R002609				2022	56,41€
253000644739	20233515022RL01R001680				2023	49,35€

SEGUNDO. Aprobar a seguinte liquidación:

Nº FIXO	ID. VALOR	REFERENCIA CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000644739	20223515022RL01R002609				2022	47,00€
253000644739	20233515022RL01R001680				2023	47,00€

TERCEIRO. Comunicar estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

5. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASOCIACION BENESTAR ANIMAL CEDEIRA, CON NIF G70562871 PARA O ANO 2023

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 05.02.2024, que literalmente di:

“**Expediente:** 2024/G006/000036

Asunto: Aprobación da xustificación de subvención nominativa para a ASOCIACION BENESTAR ANIMAL CEDEIRA, con NIF G70562871 para o ano 2023.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Visto que o 21 de abril de 2023 aprobouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asociación Benestar Animal Cedeira con NIF G70562871 para o ano 2023.

O 27 de abril de 2023 asinou o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asociación Benestar Animal Cedeira con NIF G70562871 para o ano 2023. O obxecto do convenio de colaboración é para financiamento por parte do Concello de Cedeira de gastos de funcionamento da antedita asociación.



Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 05 de maio de 2023 recoñecendo o aboamento do 100% do importe da subvención, retendo o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na cláusula quinta do convenio.

Consta no expediente a documentación xustificativa segundo co esixido na base sétima do convenio asinado.

Visto o informe favorable de Intervención de data 05 de febreiro de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Asociación Benestar Animal Cedeira con NIF G70562871 para o ano 2023

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 3.600,00 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

6. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ESCOLA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA ANO 2023

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 08.02.2024, que literalmente di:

“Expediente nº: 2024/G006/000037

Asunto: Aprobación da xustificación do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ESCOLA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA ANO 2023.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Visto o convenio de colaboración entre o Concello de Cedeira e a Asociación Escola de Música Vila de Cedeira con CIF G70429543 que foi asinado o 11 de outubro de 2023.

Visto que con data 31 de xaneiro de 2024 a antedita asociación presenta a documentación xustificativa do importe total da subvención.

Visto o informe favorable de Intervención de data 08 de febreiro de 2024 relativo á xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:



PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Asociación Escola de Música Vila de Cedeira con CIF G70429543.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada do 30% do importe da subvención, 2.875,00€, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Recoñecer a obriga e aprobar o pago do importe do anticipo do 75% da anualidade do ano 2024, esto é, 34.500,00€, con cargo a aplicación 334.489.00 do orzamento do ano 2024, que é o prorrogado do ano 2023, a favor da beneficiaria, Asociación Escola de Música Vila de Cedeira, con NIF G70429543.

QUINTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

SEXTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

7. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 73/2024 DE DATA 08.02.2024 DE SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 29 DE NOVEMBRO DE 2023, DA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE- SI435A

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 73/2024 de data 08.02.2024, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 29 DE NOVEMBRO DE 2023, DA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE-SI435A

Vista a Resolución do 29 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento SI435A)

Tendo en conta que na referida Resolución se establece que entre a documentación a presentar, deberá achegar acordo da entidade municipal relativo á solicitude da axuda.

Visto o proxecto **“FIOS PARA TECER UN FUTURO SEN VIOLENCIAS. XORNADAS DE APODERAMENTO”** cun orzamento sen IVE de 2.500€ e 3.025€ con IVE incluído. E que, segundo o artigo 7.1 das bases da convocatoria o importe máximo a conceder para esta liña de actuacións é de 15.000€. Segundo este artigo, ademais existe a posibilidade de incrementar un 10% o orzamento



subvencionable para outros gastos directos e indirectos co que, o orzamento total solicitado ascendería a 3.327,5€. Ese 10% non terá que ser xustificado adicionalmente.

Visto informe da Intervención municipal de data 07/02/2024 de existencia de crédito axeitado para asumir o pagamento da parte non subvencionada.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Aprobar a solicitude de participación na convocatoria ao abeiro da Resolución do 29 de novembro de 2023 no PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO e aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria para a realización do proxecto “**FIOS PARA TECER UN FUTURO SEN VIOLENCIAS. XORNADAS DE APODERAMENTO**” cun orzamento sen IVE de 2.500€ e 3.025€ con IVE incluído. Dado que, existe a posibilidade de incrementar un 10% o orzamento subvencionable para outros gastos directos e indirectos, o orzamento total solicitado ascendería a 3.327,5€.

Terceiro.- Que a entidade posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

Cuarto.- Financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade para a súa completa realización.

Quinto.- Designar para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade para aspectos relacionados coa tramitación do expediente á Concelleira-Delegada de Igualdade, Dña. Lucía Picos Aneiros.

Sexto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

Sendo as 13:47 horas a Concelleira do BNG, Dª María Pernas Díaz, incorpórase á sesión.

8. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 75/2024 DE DATA 09.02.2024 DE PARTICIPAR DE FORMA ASOCIADA COS CONCELLOS DE CARIÑO, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA, NA SOLICITUDE, MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA DAS SUBVENCIÓNS CONVOCADAS MEDIANTE RESOLUCIÓN DO 29 DE NOVEMBRO DE 2023, DA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE (DOG NÚM. 5 DO 08.01.2024)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 75/2024 de data 09.02.2024, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: PARTICIPAR DE FORMA ASOCIADA COS CONCELLOS DE CARIÑO, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA, NA SOLICITUDE, MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA DAS SUBVENCIÓNS CONVOCADAS MEDIANTE RESOLUCIÓN DO 29 DE



NOVEMBRO DE 2023, DA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE (DOG NÚM. 5 DO 08.01.2024)

Resultando que corresponde á Xunta de Goberno Local, en virtude de delegación conferida por esta Alcaldía consonte o disposto no decreto nº 345/2023 de 10 de xullo, a competencia para acordar a solicitude (e aprobar o correspondente convenio), mediante o sistema de xestión compartida, das subvencións convocadas mediante resolución do 29 de novembro de 2024, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo Plus (DOG núm. 5 do 08.01.2024).

En base ó anterior, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, consonte o disposto no Decreto Nº 345/2023 de 10 de xullo, por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

SEGUNDO.- Participar de forma asociada cos Concellos de Cariño, Cerdido, Mañón e Ortigueira, na solicitude, mediante o sistema de xestión compartida, das subvencións convocadas mediante resolución do 29 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo Plus (DOG núm. 5 do 08.01.2024): SI427B PROGRAMA DE APOIO AOS CIM.

TERCEIRO.- Nomear representante con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que como entidade beneficiaria corresponden á citada agrupación/asociación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda ao alcalde do Concello de ORTIGUEIRA.

CUARTO.- Asumir os seguintes compromisos de execución:

O concello de Cedeira prestará colaboración técnica e administrativa e difundirá a existencia do servizo asumindo o compromiso solidario de responsabilidade, execución e aplicación da subvención, sen que teñan que facer aportación económica algunha.

QUINTO.- O concello representante é o que percibe, xestiona e xustifica o 100% dos fondos da subvención.

SEXTO.- Declarar que este Concello remitiu as respectivas contas do exercicio 2022 ao Consello de Contas de Galicia con data 09.10.2023 (nº de rexistro 2023-E-RC-1421).

SÉTIMO.- Asumir o compromiso solidario de responsabilidade, execución e aplicación da subvención.

OITAVO.- Asumir o compromiso solidario de non disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei de Subvencións de Galicia, e todos os concellos quedarán obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.

NOVENO.- Remitir certificación da presente resolución ao concello de Ortigueira e a os efectos oportunos.



DÉCIMO.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

9. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 77/2024 DE DATA 12.02.2024 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA NAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DA REDE DE BIBLIOTECAS 2024 -CT236A

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 77/2024 de data 12.02.2024, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA NAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DA REDE DE BIBLIOTECAS 2024 -CT236A

Vista a Orde do 18 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

Considerando que os artigos 7, 8 e 9 establecen que as bibliotecas para as que se solicita a axuda deben programar un mínimo de dúas actividades das establecidas no Catálogo *Ler conta moito 2024*, e considerando que o importe concedido a cada concello deberá empregarse para financiar o 75 % do custo de cada unha das actividades, debendo financiar con fondos propios o 25 % restante de cada actividade.

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.-Solicitar subvención ao abeiro da Orde do 18 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

Terceiro.- Aceptar as condicións das bases reguladoras establecidas en dita Convocatoria

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

10. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 79/2024 DE DATA 12.02.2024 DE SOLICITUDE PARA A “AMPLIACIÓN E REFORMA DO PARQUE INFANTIL DO FLOREAL CONCELLO DE CEDEIRA” AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE



SUBVENCION PARA A CREACIÓN E/OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS, A CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2024- PR486A

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 79/2024 de data 12.02.2024, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE PARA A “AMPLIACIÓN E REFORMA DO PARQUE INFANTIL DO FLOREAL CONCELLO DE CEDEIRA” AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCION PARA A CREACIÓN E/OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS, A CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2024- PR486A

Vista a Resolución do 27 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan as subvencións para creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2024, publicada no DOGA número 9 de 12 de xaneiro de 2024.

Tendo en conta que na referida Resolución se establece que debe certificarse que existe acordo do concello polo cal se solicita a subvención e se aceptan as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria.

Visto o proxecto realizado pola empresa BRULAR GESTIÓN S.L. coa denominación “**AMPLIACIÓN E REFORMA DO PARQUE INFANTIL DO FLOREAL CONCELLO DE CEDEIRA**” cun orzamento sen IVE de 64.396,74 € e 77.920,06 € con IVE incluído.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Aprobar a solicitude de participación na convocatoria ao abeiro da Resolución do 27 de decembro de 2024 para a realización do proxecto “**AMPLIACIÓN E REFORMA DO PARQUE INFANTIL DO FLOREAL CONCELLO DE CEDEIRA**” cun orzamento sen IVE de 64.396,74 € e 77.920,06 € con IVE incluído.

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

11. ASUNTOS VARIOS

Non hai.



E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 13:50 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ